

Avaliación inicial

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Le o texto e responde.



Cando o tempo o permitía entraba alí e collía un dos centos de libros vellos que había naquela marabillosa habitación. Gozaba repasando paseniño, andel por andel, lendo os títulos de cada un dos libros. Cando un lle chamaba atención facía por imaxinar que historias fantásticas habería dentro, collíao e abríao so un pouco achegando o seu pequeno nariz: «Ai! —suspiraba—, como me gusta o olor a libro...!». E comezaba a ler as primeiras páxinas e algunha do medio, nunca das do final para non desvelar o misterio, gustáballe descubri-lo despois de ler toda a historia. Se lle gustaba sentaba na butaca vella e cómoda ao lado da enorme fiestra deixándose levar polas palabras.

- Que afección ten o protagonista? A lectura.
- Que buscaba nos andeis? Un libro que ler.
- Como facía para escoller? Imaxinar que historias habería dentro.
- Que lle gustaba facer cando abría un libro? Achegar o nariz e ulilos.

2. Completa a táboa con palabras do texto. Resposta libre.

		Masculino	Feminino
Substantivos	singular		
	plural		
Adxectivos	singular		
	plural		

3. Escribe un sinónimo e un antónimo de cada palabra. Resposta libre.

	Sinónimo	Antónimo
vellos		
marabillosa		
pechado		
enorme		

Avaliación inicial

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

4. En que tempo verbal está o texto? Copretérito.

- Xustifícao con tres exemplos.

Resposta a elección do alumno.

- Analiza os tres exemplos anteriores.

Resposta libre segundo o que elixan.

5. Subliña no texto as palabras que forman un campo semántico e cópiaas.

Libros, andel, títulos, historias, páxinas, misterio, palabra.

Cuarto, andel, butaca, fiestra.

6. Busca no texto un exemplo de cada e escribe unha oración que conteña polo menos dous. Resposta libre.

Preposición	Conxunción	Interxección

• _____

7. Escribe unha oración con cada unha. Resposta libre.

- Porque

- Por que

- Porqué

Avaliación inicial

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

8. Sinala suxeito e predicado nesta oración. Rodea os núcleo de cada un.

• Naquel cuarto os libros ocupaban todos os espazos posibles.

«Naquel cuarto ocupaban todos os espazos posibles» é o predicado; o seu núcleo é «ocupaban».

«Os libros» é o suxeito e «libros» o núcleo.

9. Subliña os verbos nestas oracións e marca a oración escrita en pasiva.

Sempre colocaba os libros que lía onde os collera para non desordenalos.

Os libros que lía sempre eran colocados onde os collera para non desordenalos.



10. Escribe un aumentativo, un diminutivo e un despectivo para cada palabra.

	Aumentativo	Diminutivo	Despectivo
libro	librazo	libriño	librucho
vello	vellazo	velliño	vellaco
butaca	butacaza	butaquiña	butacucha

11. Escribe a familia de palabras.

Libro	libresco, libreira, librería, libreto.
--------------	--

Avaliación inicial

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

12. Escribe as instrucións para elaborar un bocadillo. Resposta libre.

13. Escribe un título para o texto. Resposta libre.

14. Describe a habitación segundo os datos que dá o texto. Resposta libre.

15. Escribe unha historia a partir do debuxo.

Resposta libre.


